

PROBLEMAS E CONDICIONANTES NA EDIÇÃO DUN CLÁSICO MODERNO: OS *CANTARES GALLEGOS* DE ROSALÍA DE CASTRO

María Xesús Lama

Universitat de Barcelona

A revolución que se experimenta no proceso de produción do libro coa aparición da imprenta soe considerarse transcendental polos cambios que introduce no proceso de difusión, é dicir, na relación texto-lector. Dende o punto de vista do editor de textos non son menos importantes as transformacións que afectan á relación autor-texto.

A crítica textual tradicional enfrontábase ós problemas de autenticidade autorial en textos que se transmitiron a través de manuscritos, máis ou menos afastados a un manuscrito orixinal. En función destas características de transmisión desenvolveuse un método de análise das testemuñas conservadas encamiñado á elaboración dun *stemma* para reconstruír da forma máis exacta posible o orixinal ou o arquetipo sobre o que o editor tería que face-las correspondentes *emendatio* despois da *examinatio e selectio* das variantes. As diferentes operacións que conducen á construción do *stemma* constitúen a primeira fase do traballo dun editor que se denomina *recensio*, mentres que as operacións posteriores forman parte da segunda fase ou *constitutio textus*. Pero os textos da era da imprenta presentan unha realidade diferente que esixe para a súa análise substanciais transformacións no método. Son os críticos textuais angloamericanos os que comezan a estudar esta realidade diferente, desenvolvendo unha nova rama da investigación bibliográfica que eles chaman *textual bibliography*, o que podemos traducir por “bibliografía textual”.

Para empezar, nun texto da era da imprenta podemos contar ou non co correspondente manuscrito do autor. Se non se conservou manuscrito, ou aínda non se sabe del, como é o caso dos *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, os documentos máis autorizados para reconstruí-la intencionalidade do autor son os textos impresos das edicións por el revisadas. Un punto de partida ben sinxelo, pero que xa nos enfronta a unha serie de problemas. Para tratalos con orde, examinaremos en primeiro lugar o proceso de selección dun “texto-base”, que vén sendo o equivalente á fase tradicional da *recensio*, e despois estudiaremos como debe opera-lo editor sobre ese “texto-base” na fase da *constitutio textus*. Ó mesmo tempo

farase algunha reflexión sobre o concepto da “última vontade do autor”, tendo en conta que o obxectivo da ciencia da crítica textual non é outro que reconstruír aquilo que o escritor escribiu realmente.

De todos é sabido que no paso dun manuscrito á imprenta o texto pasa por unha serie de mans que introducen posibles factores de contaminación de diversa índole: dende o simple erro de linotipia á corrección lingüística ou mesmo, nalgúns casos, á hipercorrección e á rectificación de supostos erros no campo do contido. Nos textos das primeiras épocas da imprenta, cando aínda se estaban formando as normas estandarizadoras das linguas romances, incluso podía acontecer que os manuscritos entregados para seren editados pasasen por unha adaptación á norma que se pretendía impoñer¹. Daquela, debemos ser conscientes de que, como di Quondam (1983: 674),

“o libro xa é un froito de moitas mans que se superpoñen: autor, caixista, corrector... cada un deles co seu nivel de competencia profesional e o seu código cultural, e polo tanto cómpre asumir unha metodoloxía que considere o libro, non como algo formado, senón coma un proceso de formación a varias mans.”

Velaí a primeira desmitificación da pretendida transparencia da “vontade do autor” nos textos conservados en versión impresa. No caso dos *Cantares Gallegos* de Rosalía consérvanse dúas testemuñas esenciais, amén das puntuais e parciais publicacións anteriores en revistas ou volumes colectivos²: son as dúas edicións feitas en vida da autora e que supostamente contaron co seu consentimento, a primeira de 1863 e a segunda de 1872. Se temos en conta as palabras de Manuel Murguía sobre o desinterese da autora pola publicación e sobre a intervención persoal del mesmo para leva-lo texto ó editor, teríamos que concluír que foi el quen supervisou a edición en pagas da propia autora, o que viría engadir unha man máis intervindo no proceso de edición. Xa que logo, ¿ata onde se pode considerar que o texto editado se corresponde coa intencionalidade autorial de Rosalía?

Outro aspecto importante introducido pola imprenta é a substitución dunha testemuña individual (o manuscrito) por unha múltiple (o conxunto dos exemplares dunha edición). Sen embargo, no S. XIX o grande adianto técnico da prensa mecánica elimina toda a problemática que afecta ós textos impresos con prensa manual, que poden presentar variantes dentro dos exemplares dunha mesma tirada. Por iso, nos textos desta época, non é indispensable a busca do “texto-ideal” da edición (*ideal copy*), pois tódolos exemplares son agora idénticos. Sen embargo, cando existen varias edicións, o editor debe establecer cal é o “texto-base” (*copy-text*) que reflexa de xeito máis fiel a “última vontade do autor” ou, como se prefire actualmente, a súa “intencionalidade”.

¹ Un caso significativo é o da *Arcadia* de Sannazaro, onde os manuscritos da primeira redacción (arredor de 1490) están escritos na koiné napolitana do quattrocento, mentres a edición princeps tende ó toscano literario. Vid. Stoppelli (1987: 24-25).

² Como é ben sabido, un poema incluído en *Cantares* publicárase xa en 1861 na revista *El Museo Universal* (c. 15), e este mesmo texto con catro poemas máis incluíronse en 1862 no *Album de la Caridad* (cc. 6, 10, 15, 17 e 28).

O termo “texto-base” acuñouno en 1904 R. B. McKerrow, o fundador –xunto con Walter W. Greg– da moderna bibliografía textual, na súa edición da obra de Thomas Nashe³. Con este termo denomínase aquel texto precedente dunha obra que un editor escolle como fundamento do seu propio traballo. En canto ó criterio con que se ha de realizar esta escolla, McKerrow estableceu daquela a seguinte lei:

“se un editor ten razóns para considerar que un certo texto contén correccións posteriores en relación con outro texto, e ó mesmo tempo non hai motivos para non crer que esas correccións, ou alomenos algunhas delas, sexan debidas ó autor, o editor non ten máis opción que adoptar este texto como base da súa edición.”⁴

Con este criterio elabora Carballo Calero a súa edición dos *Cantares Gallegos* publicada en 1963 por Anaya, e así o declara na súa *Introducción*:

“La base de toda edición que se realice de los *Cantares* debe ser la segunda, última que se publicó en vida de Rosalía, y que ha de suponerse expresión de su última voluntad a propósito del texto.”⁵

A maioría dos editores posteriores seguen o maxisterio de Carballo Calero e polo tanto este mesmo criterio para a selección do texto-base, nalgún caso incluso partindo directamente da versión do profesor ferrolán, sen recorrer ás primeiras edicións. Sen embargo, non debemos esquecer que para Carballo o peso desta escolla do texto-base é relativo, posto que preconiza e practica unha permanente colación coa edición príncipe, ademais de moderniza-la grafía.

En canto a McKerrow, trinta e cinco anos despois da formulación desta lei, rectifica a súa propia opinión nos *Prolegomena for the Oxford Shakespeare* publicados en 1939. Chegara á conclusión de que a utilización como texto-base dunha reimpresión, aínda que fose revisada, era insostible. Recoñece isto cando afirma:

“De calquera xeito, anque chegasemos a estar seguros (...) de que certas correccións introducidas nunha edición posterior dun texto shakespeariano fosen de man do autor, non se debe seguir enteiraamente esta edición como texto-base. Sen dúbida sería necesario englobar aquelas correccións no noso texto, pero (...) parece evidente que (...) esta edición máis tardía (non sendo polas correccións) se afastará máis ca primeira do manuscrito orixinal do autor (...) Polo tanto a máxima aproximación posible ó noso

³ Segundo W. W. Greg (1987), o concepto de “texto-base” da teoría inglesa ten pouco que ver co que se entendía na filoloxía tradicional por manuscrito “mellor” ou “máis fiable”. A grande achega realizada por Lachman no S. XIX cando introduce como regra da crítica textual a clasificación xenealóxica dos manuscritos foi un intento de proporcionar un fundamento científico ó concepto de texto máis fiable, pero a falta de profundidade analítica converteu este método nun código de regras mecánicas demasiado ríxidas. Ignorando que a fiabilidade dunha testemuña sempre é relativa, e nunca absoluta, intentábase recoñecer un manuscrito máis correcto cós demais partindo do principio de que, se un copista comete un erro, este delátase porque o resultado non ten senso. Con isto garátese a distinción entre o que ten senso e o que non o ten, pero non entre o que é orixinal e o que é espurio.

⁴ *Nasche*, vol. II, p. 197. Cit. por W. W. Greg (1987: 38).

⁵ Cítase pola reimpresión desta edición en Cátedra, Madrid, (1989: 32).

ideal obterémola usando a primeira impresión “boa” como texto-base, inserindo as correccións que consideramos do autor atendendo á primeira edición que as contén.”⁶

En ausencia de manuscrito orixinal e tendo en conta as dificultades para discernir cáles son as modificacións debidas ó autor ou a outras mans das que interveñen no proceso, sobre todo cando non se conservan tampouco testemuñas das correccións de probas de imprenta, parece tenderse á aceptación de que o texto máis próximo ó orixinal do autor sería o da primeira edición, por canto cada nova reedición supón multiplica-las posibilidades de contaminación.

Polo que se refire á historia editorial dos *Cantares Gallegos*, a única edición que presta atención prioritaria á príncipe é a publicada tamén en 1963 pola editorial Galaxia a cargo de Bouza Brey⁷. Así o manifesta claramente o editor, explicando ademais de que xeito se considerarán as achegas fundamentais da segunda e última edición supostamente revisada pola autora:

“É o noso propósito conserva-la mesma composición do libro que na edición príncipe (...) ‘O final engadiremos primeiro os poemas que foron aportados na segunda edición e despois os que se sumaron na terceira e sucesivas, debidamente separados, mais seguindo a numeración correlativa.” (1963: 21).

Resulta imposible facer aquí unha comparación minuciosa de tódalas “leccións” nos casos dúbidosos nas múltiples edicións modernas da obra en relación coas dúas edicións básicas feitas en vida da autora. Nin sequera podemos facer esta análise tan detallada só coas edicións de Carballo Calero e de Bouza Brey, pois cada unha destas pescudas esixiría un relatorio ou un artigo “per se”. Por outra banda, mentres non se faga este traballo será imposible saber de certo ata qué punto os dous editores seguen rigorosamente a súa escolla declarada dun texto-base. En principio parece que esa escolla afecta sobre todo á consideración do corpus central do texto, é dicir, ó número de poemas incluídos. Pero ¿en que medida, cando e segundo que normas se dá prioridade ás leccións do texto-base ou se introducen leccións doutro texto consideradas máis fiables?

Neste senso, Walter W. Greg engade unha importante matización sobre o concepto de texto-base de McKerrow establecendo unha distinción entre o que chama leccións significativas ou “substanciais” do texto e leccións “accidentais”. As primeiras serían aquelas nas que intervén o significado ou a substancialidade da expresión orixinaria, mentres que as segundas concirnen ó aspecto formal do texto, como é o caso da grafía, a puntuación, a división de palabras, etc. (1987: 36)⁸. Greg basea esta distinción no diferente tratamento que re-

⁶ *Prolegomena*, pp. 17-18. Citado por W. W. Greg (1987: 39).

⁷ Carballo Calero na súa edición reconece o interese da edición de Bouza Brey como o primeiro intento de facer crítica textual, sen embargo quere ignora-la preferencia de Bouza pola versión da príncipe e non sinala esta cuestión entre as diferencias que o separan del. Polo contrario, sorprende a súa afirmación cando di: “nos interesa en cuanto versión crítica de la segunda, ya que es en ese sentido el último precedente –en realidad el único– de nuestra propia versión.” (1989: 33).

⁸ O bibliógrafo apunta tamén a existencia dunha categoría intermedia de variantes morfolóxicas que se poden clasificar de xeito variable segundo os casos.

ciben por parte dos copistas, ou dos caixistas. Normalmente estes procuran reproducir con exactitude as leccións substanciais do texto, aínda que nalgún caso se poidan desviar involuntariamente, ou mesmo voluntariamente polos motivos que sexa. En canto ás leccións accidentais, sostén Greg, tenden a segui-los hábitos ou as preferencias de seu, aínda que poidan experimentar en certa medida a influencia do exemplar que utilizan. Por iso establece que

“dentro de límites razoables, debemos segui-lo texto-base só en canto ás accidentais, mentres no que se refire ás variantes substanciais temos exactamente a mesma liberdade de escolla que tería un editor clásico.” (Greg 1987: 36)⁹.

É dicir, a liberdade para escoller entre leccións manuscritas que presentan variantes significativas, só que neste caso non se escollerá entre os manuscritos (ou non só), senón entre as edicións autorizadas.

A autoridade do texto-base queda limitada, polo tanto ás leccións accidentais. Deste xeito Greg restrinxe a que el denominou “dictadura do texto-base” imposta polas teorías de McKerrow. Este, no temor de caer excesivamente no eclecticismo, sostiña que o texto-base, unha vez escollido, debía respectarse cun criterio de organicidade e reducindo ó mínimo as interferencias. Greg, en cambio, defende decididamente o texto ecléctico, sinalando que a uniformidade do resultado non ten valor ningún se significa só uniformidade nos erros. Coa súa distinción entre leccións accidentais e substanciais introduce unha consideración que foi posteriormente aceptada pola ciencia bibliográfica en xeral:

“Cando existen varios textos substanciais que teñen máis ou menos a mesma autoridade, aínda que sempre seguirá sendo necesario escoller un texto-base e seguilo para as variantes accidentais, a este texto base non se lle poderá recoñecer unha autoridade absoluta, e nin sequera preponderante, respecto ás leccións substanciais”. (Greg 1987: 37).

Así pois, se a autoridade do texto base se limita ás leccións accidentais, é evidente que a escolla debe inclinarse como norma xeral pola edición príncipe. Primeiro porque unha edición do tempo do autor, anque non revele as escollas gráficas do autor mesmo, alomenos revelará o sistema gráfico común naquel momento (ou a ausencia deste). E despois porque o habitual é que cada edición se elabore a partir dun exemplar da anterior, revisada ou non polo autor, e polo tanto engádesse un paso máis de afastamento respecto ó manuscrito do autor.

Seguindo estes razoamentos, que parecen lóxicos e comunmente aceptados polos estudiosos da bibliografía textual, na edición da obra de Rosalía teríamos que tomar como texto-base a edición príncipe de 1863, dándolle prioridade ás escollas gráficas, de puntuación, etc. deste texto. Tendo en conta que existe unha segunda edición feita en vida da auto-

⁹ Greg puntualiza aquí ademais que “cando o editor escolle un texto-base espera que este conserve alomenos minimamente o aspecto do orixinal. Sen embargo a experiencia demostra que mentres a distribución das variantes substanciais corresponde en xeneral á información xenética dos textos, sen embargo a das accidentais é relativamente casual”.

ra que é a última autorizada (que non é o mesmo que revisada) por ela, e que nela se fan engádegas ó corpus textual, parece lícito acepta-los poemas engadidos na súa primeira versión, que se corresponde agora coa segunda edición do conxunto. Ademais, no caso de Rosalía se cadra poderíamos considerar outros factores que nos reafirman nesta escolla e que probablemente teñen moito que ver coa socioloxía da crítica textual. Ímolos considerar polo miúdo.

Diciamos, seguindo a Greg, que nas leccións accidentais copistas e caixistas tenden a non respecta-lo maxisterio do autor e, polo contrario, soen segui-los hábitos ou as preferencias de seu, e que por iso o texto dunha edición contemporánea ó autor, aínda que non nos transmita as preferencias deste, alomenos será unha testemuña dunha época histórica da lingua na que escribiu o autor. Agora ben, ¿cales podían se-las preferencias ou os hábitos na escrita do galego dun traballador de imprenta ou un editor no momento en que se publicaron os *Cantares Gallegos*? Hábitos evidentemente ningún. Preferencias quizais algunha¹⁰.

Non deberíamos esquecer que en certo modo a edición deste libro tivo un certo carácter de experimento no plano lingüístico, posto que non había ningún sistema ortográfico nin gramatical definido, nin moito menos imperante. ¿Quere isto dicir que entón serían máis respectadas as escollas que figuraban no manuscrito da autora? Non vexo por qué o habíamos de interpretar así. Ó non existir ningunha testemuña manuscrita da autora, nin conservarse declaracións súas ó respecto, non temos documentación fiable que nos permita discernir qué leccións responden ó seu criterio e cáles ós doutras persoas que interveñen na xestación da impresión. Pola contra, existen declaracións de Murguía no senso da absoluta falta de intervención de Rosalía no proceso editorial, que recaía nas mans del, o cal nos permite deducir que, se existe algunha intencionailidade imperante no establecemento das leccións accidentais, esta parece ser máis atribuíble ó señor Manuel Murguía cá propia autora. Con moita maior razón cabería imputarlle á intervención de Murguía as modificacións introducidas na edición de 1872, tendo en conta que Rosalía parece non aceptar algunhas das novas opcións lingüísticas na edición príncipe de *Follas Novas*, feita con posterioridade e en vida dela, e que Murguía recupera esas modificacións na reedición dos *Cantares* que el publica despois da morte da autora.

Paréceme que estes son argumentos de peso abondo para que un editor que pretenda aproximarse escrupulosamente á intencionalidade de Rosalía nos aspectos formais do texto se incline por dar preferencia á edición príncipe. Nas edicións modernas do libro, os únicos que se propuxeron respecta-la intencionalidade de Rosalía nas leccións accidentais foron Pociña e López (Sotelo Blanco, 1992), quen sen embargo parecen dar preferencia á edición de 1872. O cotexo coa primeira edición é sistemático, pero os argumentos utilizados para xustificar esta preferencia pola segunda edición non resultan plenamente convincentes:

¹⁰ Lembremos por exemplo o debate que houbo na época sobre a representación do fonema fricativo prepalatal xordo con dúas posturas enfrontadas, unha etimoloxista e outra foneticista. Parece evidente que por exemplo o editor de *El Album de la Caridad*, Antonio de la Iglesia, tiña unha preferencia clara pola tendencia etimoloxista e esta prevalece nos textos por el editados, os de Rosalía incluídos.

“Na segunda saída de *Cantares*, malia ser unha edición revisada pola autora, como demostran diferentes cambios de léxico, revisións dalgúns versos e engádegas de poemas novos, etc.” (1992: L).

Despois do dito, xa sobra insistir en que o feito de que observemos cambios nunha testemuña respecto a outra precedente non abonda para que eses cambios poidan ser directamente imputados ó autor. Por outro lado, ata onde chega o meu coñecemento dos documentos conservados, non existen probas reais de que Rosalía revisase persoalmente o texto da segunda edición, polo que me parece máis prudente falar de edición “autorizada”, e non “revisada”. E iso con reservas, lembrando que en tempos de Rosalía unha muller aínda non tiña autonomía xurídica para responsabilizarse das súas propias publicacións, que debían ser asumidas polo titor ou, no caso dunha muller casada, habitualmente polo marido. De xeito que, en senso estricto, nin sequera a súa autorización era necesaria. Ademais, en canto á xestión tipográfica do libro, cabe supoñer que na segunda edición, feita en Madrid, os operarios da imprenta serían aínda moito máis alleos ó código lingüístico do libro cós de Vigo, encargados da primeira edición.

Ata aquí a problemática da escolla do “texto-base”. Pero xa vimos tamén que debemos evita-lo respecto excesivo ás leccións que este texto nos ofrece. Fredson Browsers, aceptando as propostas de Greg, explica o paso seguinte:

“A continuación o texto desta testemuña será necesariamente retocado coa introdución daquelas leccións derivadas da edición revisada ou modificada que, a xuízo do editor representan variantes de autor respecto ás leccións do texto-base.” (Browsers 1987: 142).

A intervención do *iudicium* parece revelarse esencial. O editor debe decidir cáles das variantes que aparecen nas testemuñas posteriores corresponden á intencionalidade do autor e cáles proceden doutras mans e, en función diso, introducir correccións sobre o texto-base. O resultado deste proceso é un texto ecléctico definido por criterios que se determinan bibliograficamente, un concepto que defende Greg e que é considerado por Browsers como a grande achega deste século á crítica textual.

Pero a defensa do texto ecléctico e do *iudicium* en Greg vai aínda máis lonxe. O respecto ó texto-base, segundo el, debe ser relativo tamén respecto ás leccións accidentais sempre e cando predomine o criterio de respecto á intencionalidade do autor. Sempre que o editor considere con fundamento que certas solucións do propio texto-base se deben á man do caixista ou do corrector, en vez de ó autor, non tería por qué reproducilas:

“Non vexo por qué non deba modificar palabras que presentan unha grafía vacilante ou extravagante se está convencido de que é debida ó copista ou ó caixista e non ó autor. Se a puntuación é incorrecta ou defectuosa, o editor podería querer renunciar completamente a ela e adoptar unha propia. Defendo que sexa libre de facelo sempre que ó fíxa-la propia puntuación teña en conta debidamente a orixinal e sinala o cambio cando afecta sensiblemente ó significado. (...) De todos xeitos estes son aspectos que se deixan á discreción do editor. A min só me interesa defende-la súa liberdade de xuízo.” (Greg 1987: 45).

Esta defensa do *iudicium* do editor parece clara dende o primeiro momento para Greg, e non só para a segunda fase da *constitutio textus*, senón tamén na primeira fase da *recensio*:

“Non é posible excluí-lo xuízo da práctica editorial: este actúa necesariamente no problema importantísimo da escolla do texto-base, e no secundario de establecer qué leccións son posibles e cales non.” (Greg 1987: 41)¹¹.

Pero ademais este estudioso reconece os diferentes hábitos no tratamento dos fenómenos accidentais na tradición clásica con respecto á inglesa. Na primeira adóitase actualizar a grafía, mentres que na segunda téndese a respectala porque facilita o coñecemento dun estadio da lingua. Por iso el postula as súas teorías só para a tradición inglesa.

Se nos textos clásicos e no ámbito da Romanía é habitual a actualización da grafía, ¿que facer cun texto dunha lingua romance en proceso de formación da súa normativa e dun período cronoloxicamente tan próximo que o estadio de evolución histórica interna da lingua a penas difire do actual? De novo unha situación onde o editor ten que asumir a responsabilidade dunha decisión.

O meu criterio para decidir esta cuestión na edición que eu elaborei dos *Cantares Gallegos* baseouse na adaptación ós obxectivos da edición, un criterio defendido aínda recentemente por Francisco Rico nun artigo publicado en *El País* o 14 de setembro de 1996 sobre a nova edición de *El Quijote* que viña de presentar Alianza Editorial. Unha edición crítica pode elaborarse con criterios diferentes segundo vaia dirixida a un público restrinxido de expertos, a un público profano ou a un máis heteroxéneo. Pero ademais existen as edicións facsímiles que, na miña opinión, son o medio idóneo para presentar con detalle tódalas variacións gráficas que só interesan ós expertos.

Unha edición crítica dos *Cantares* que se marque como obxectivo o máximo respecto á intencionalidade da autora, ata onde esta nos pode resultar accesible, ou o intento de reconstruír esa intencionalidade alí onde carecemos de probas para distinguila con certeza, non implica necesariamente un respecto estricto das leccións gráficas transmitidas polas testemuñas impresas conservadas. Unha opción que parte do respecto ó texto-base, que regulariza as grafías vacilantes e actualiza a grafía cando os cambios non afectan ó contido nin á substancia fónica, e que comenta expresamente as modificacións concretas que escapan a esta norma, non pode ser cualificada de contraria á intencionalidade da autora. Sobre todo se non perdemos de vista unha valoración obxectiva das testemuñas conservadas no caso concreto desta obra de Rosalía de Castro.

Parafraseando a Greg, quixera concluír dicindo que con esta formulación *a posteriori* dalgúns dos principios polos que se rexeu a miña experiencia práctica no eido da edición non pretendín máis ca poñer algunha orde nunha serie de problemas que se lle poden presentar a calquera editor de textos modernos, e singularmente nun ámbito de características

¹¹ Fredson Browsers incita á reflexións sobre unha serie de casos onde a escolla do texto-base se dificulta, como cando existen textos radiais que xorden simultaneamente dun mesmo orixinal non conservado, ou cando se conserva o manuscrito do autor que, en opinión de Browsers, sería sempre máis fiable ca calquera versión do texto editado.

moi específicas coma o da literatura galega. Ordenando os tipos de problemas quixen expoñe-las posibles solucións a estes, para intentar aclarar-las xustificacións teóricas dalgúns criterios editoriais ante min mesma, e tamén, por suposto, ante os demais. Polo que a min respecta, este obxectivo foi en parte acadado, aínda sendo ben consciente de que o resultado práctico non pasa de ser provisional e cabe esperar que mellorable. Se para os demais tamén quedaron claras as cuestións tratadas aquí terá que dicilo cada un, e en calquera caso tamén cada un será libre de adoptar posicións diferentes. Non é o acatamento, senón a contestación argumentada o que propicia o diálogo científico, e só practicando este diálogo poderemos progresar no coñecemento.

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO MONTERO, Xesús, *Constitución del gallego en lengua literaria*, Lugo, Celta, 1970.
- BEDIER, Joseph, “Obiezioni al metodo del Lachmann” (fragmento de *La tradition manuscrite du Lai de l’Ombre*, Paris, Champion, 1929) en Stussi, A. (ed.), *La critica del testo*, Bologna, Il Mulino, 1985.
- BOWERS, Fredson, “Multiple Authority: New Problems and Concepts of Copy-Text” en *Essays in Bibliography, Text and Editing*, Charlottesville, 1975, pp. 447-487. Citado pola traducción italiana: “L’autorità multipla. Nuovi problemi e concetti del testo-base” en Stoppelli, P. (ed.), *Filologia dei testi a stampa*, Bologna, Il Mulino, 1987, pp. 108-145.
- CONTINI, Gianfranco, *Breviario di ecdotica*, Torino, Einaudi, 1992, (1ª ed. de 1986).
- GREG, Walter Wilson, “The Rationale of Copy-Text”, en *Studies in Bibliography*, III (1950-1951), Bibliographical Society of Virginia University, Charlottesville, pp. 19-36. Citado pola traducción italiana: “Il criterio del testo-base” en Stoppelli, P. (ed.), *Filologia dei testi a stampa*, Bologna, Il Mulino, 1987, pp. 33-51.
- HERMIDA GULÍAS, Carme, “A polémica ortográfica a finais do século XIX (1888). A grafía do [š]”, *Grial* 97, 299-316.
- MALATO, Enrico, “Edizione in fac-simile, edizione diplomatica, edizione critica” en Placella, V. e Martelli, S. (eds.), *I moderni ausili all’ecdotica. Atti del Convegno Internazionale di Studi, (Fisciano, Vietri sul Mare, Napoli, 27-31 ottobre 1990)*, Pubblicazioni dell’Università degli studi di Salerno, Napoli, Edizioni Scientifiche Italiane, 1994 pp. 249-264.
- QUONDAM, Amedeo, “La letteratura in tipografia” en ASOR ROSA, A. (coord.), *Letteratura italiana*, vol. II, Torino, Einaudi, 1983, pp. 555-686
- RICO, Francisco, “‘Por Hepila Famosa’, o cómo no editar el ‘Quijote’” en *El País*, 14 de setembro de 1996, p. 16-17 Babelia.
- STOPPELLI, Pascuale, “Introduzione” in *Filologia dei testi a stampa*, editado por P. Stoppelli, Bologna, Il Mulino, 1987, pp. 7-31.
- TANSELLE, G. Thomas, “The Editorial Problem of Final Authorial Intention” en *Studies in Bibliography*, XXIX (1976), Bibliographical Society of Virginia University, Charlottesville, pp. 309-53. Citado pola traducción italiana: “Il problema editoriale dell’ultima volontà dell’autore” en Stoppelli, P. (ed.), *Filologia dei testi a stampa*, Bologna, Il Mulino, 1987, pp. 147-189.
- WELLS, Stanley, “Una nuova edizione delle opere di Shakespeare” en Placella, V. e Martelli, S. (eds.), *I moderni ausili all’ecdotica. Atti del Convegno Internazionale di Studi, (Fisciano, Vietri sul Mare, Napoli, 27-31 ottobre 1990)*, Pubblicazioni dell’Università degli studi di Salerno, Napoli, Edizioni Scientifiche Italiane, 1994, pp. 359-370.

Selección das edicións manexadas dos *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro

- (1863) Rosalía Castro de Murguía, *Cantares Gallegos*. Vigo, Establecemento tipográfico de D. Juan Compañel.
- (1872) Rosalía Castro de Murguía, *Cantares Gallegos*. Nueva edición, corregida y aumentada. Madrid, Librería de D. Leocadio López, editor.
- (1909) Rosalía Castro de Murguía, *Obras Completas*. Madrid, Librería de los sucesores de Hernando.
- (1963) Rosalía Castro de Murguía, *Cantares Gallegos*. Edición do Centeario, ordeada, prologada e anotada por Fermín Bouza Brey, Vigo, Galaxia.
- (1963) Rosalía de Castro, *Cantares Gallegos*. Introducción y notas de Ricardo Carballo Calero, Salamanca, Anaya.
- (1973) Rosalía de Castro, *Poesías, Cantares gallegos, Follas novas, En las orillas del Sar*. Edición da Cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago, Vigo, Patronato Rosalía de Castro.
- (1977) Rosalía de Castro, *Obra galega completa*. Preparada por X. Alonso Montero, Madrid, Akal.
- (1992) Rosalía de Castro, *Poesía galega completa 1. Cantares gallegos*. Edición de Andrés Pociña e Aurora López, Santiago de Compostela, Sotelo Branco.
- (1995) Rosalía de Castro, *Cantares Gallegos*. Edición de M. X. Lama López, Vigo, Galaxia.